

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 18/12/2019 14:07:48

SAIDA

13698/19

[REDACTED]

Reclamante [REDACTED], [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 174/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], [REDACTED]
[REDACTED], mediante escrito do 28/11/2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 17 de decembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Único.- [REDACTED], [REDACTED]
[REDACTED], mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 28 de novembro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a denegación por silencio, da súa solicitude de copia de informe técnico de sobre o cumprimento das normas de seguridade no vial denominado carril bici da cidade de Vigo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24

corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos

responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

O interesado, na súa condición de edil dun grupo municipal da Corporación Local de Vigo, reclama ante a Comisión da Transparencia de Galicia contra a falla de contestación de copia de informe técnico de sobre o cumprimento das normas de seguridade do carril bici da cidade de Vigo, solicitado xa en dúas ocasións.

De conformidade co disposto no artigo 77 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime Local, os membros de Corporacións Locais teñen dereito a obter do alcalde ou da Xunta de Goberno, cantos antecedentes, datos ou información obren en mans dos servizos da Corporación e sexan necesarios para o desenvolvemento da súa función.

Antes da entrada en vigor da Lei 19/2013, existían xa normas que, en determinados ámbitos, regulaban o dereito de acceso á información, entre a que podemos atopar a referente ao acceso á información por parte dos cargos representativos locais no exercicio da súa función. Como dereito fundamental no exercicio dunha función representativa (artigo 23 da Constitución Española), este dereito é desenvolvido na Lei 7/1985 e no o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. A referida normativa, ademais de recoñecer o dereito, establece o procedemento para a súa obtención, o sentido do silencio, e o deber de gardar reserva en relación coa información obtida.

Así mesmo, o acceso á información por parte dos membros das corporacións teñen dúas vías de protección ordinaria -o recurso potestativo de reposición e o recurso contencioso-administrativo-, ademais de garantías adicionais como son o procedemento para a protección dos dereitos fundamentais da persoa regulado pola Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e o recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.

Por tanto estamos ante un procedemento específico de acceso á información por parte dos concelleiros no exercicio da súa función e en exercicio dun dereito fundamental.

A disposición adicional primeira da Lei 19/2013, establece que rexeranse pola súa normativa específica aquelas materias que teñan previsto un réxime xurídico específico de acceso á información. No presente caso, a solicitude de acceso á información se fai polo interesado na súa condición de concelleiro, polo existindo un réxime específico de acceso á información, de acordo coa citada disposición, no cabe senón inadmitir a reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED], [REDACTED] con data 28 de novembro de 2019, contra a denegación de por silencio, da súa solicitude de copia de informe técnico de sobre o cumprimento das normas de seguridade no vial denominado carril bici da cidade de Vigo.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2019

| | |
|---------------|----------------------|
| 76706870F | Firmado digitalmente |
| MARIA DOLORES | por 76706870F MARIA |
| FERNANDEZ (R: | DOLORES FERNANDEZ |
| S6500009C) | (R: S6500009C) |
| | Fecha: 2019.12.18 |
| | 12:27:03 +01'00' |

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.